

Martes, 3 de marzo de 2020

Comunicado oficial da ATG sobre a orde da Xunta para a concesión de axudas á tradución

A Asociación de Tradutores Galegos quere expresar a súa desconformidade coas novas bases da orde para a concesión de axudas á tradución literaria que convoca a Xunta da Galicia —procedemento CT221C (Subvencións para o libro galego no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas, así como para a súa edición)—.

Consideramos inviable e contraproducente a esixencia de presentar certificados editoriais para cada obra listada nos currículos dos tradutores e tradutoras, e igualmente lesiva a esixencia de acompañar os CV de certificados oficiais que acrediten o dominio das linguas de partida e de chegada. Dende a ATG, suxerimos que se avalíe a competencia dos tradutores por medio exclusivamente dos seus currículos, no que de seu aparecen listadas as obras traducidas, canda os respectivos números de ISBN e/ou depósito legal.

Así mesmo, faise constar que en ningún momento se lle trasladou á Consellería dende esta asociación a necesidade de esixir novos certificados de ningún tipo, e que non se propuxo nin se acordou conceder un peso meirande ao currículo dos tradutores (menos aínda pola vía dos certificados) en detrimento da puntuación reservada ao interese literario das obras presentadas.

Noutra orde de cousas, si se lles suxeriu aos responsables da Consellería, na rolda de consultas previa á convocatoria de axudas, a conveniencia de valorar as traducións realizadas directamente dende a lingua orixinal por riba daquelas feitas a partir dunha lingua ponte. Por último, consonte a proposta trasladada pola Asociación Galega de Editores, falouse da necesidade de volver modular a contía das axudas en función da extensión das obras, criterio eliminado na anterior orde de axudas e que deu lugar a graves disfuncións na adxudicación das contías.

Poñémonos á disposición das autoridades competentes para calquera consulta que nos queiran facer así como para futuros debates con vistas a elaborar unhas bases máis xustas e equilibradas.

Asociación de Tradutores Galegos